

[RRC/PLG/MCVR]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**, o día **19 de xuño de 2024**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Ethel María Vázquez Mourelle
(en substitución de Julio García Comesaña)
(Presidenta en funcións)
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Paula Prado del Río)
(Vicepresidenta en funcións)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Cristina Campero Dorado
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Miguel Fidalgo Iglesias
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Argimiro Marnotes Fernández
José Manuel Mato Díaz
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Pablo Javier Prieto Perille
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:

Julio Ernesto Abalde Alonso (S)

Comparecentes:

Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Letradas:

Raquel Rodríguez Carro
Purificación López Gómez

A señora presidenta en funcións abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Preguntas:

- 1.1 1044 (12/POC-000154)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o desenvolvemento en Galicia da Lei de memoria democrática e a valoración da necesidade de creación do Instituto da Memoria, a Convivencia e os Dereitos Humanos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey (S)**, quen amplía os motivos que se expoñen na presentación escrita da iniciativa e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Para a súa resposta intervéñen por parte da Xunta de Galicia a **señora directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes), Sandra Vázquez Domínguez**.

En rolda de réplica a **señora Castro Rey (S)**, expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora directora xeral.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Sandra Vázquez Domínguez**, ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Vázquez Domínguez cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Deseguido a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto segundo da orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar á proposición non de lei doc. núm. 3399 (2.2) e en terceiro lugar a doc. núm. 1210 (2.1).

Xa que logo, procédese ao trámite da proposición non de lei 2.2:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.2 3399 (12/PNC-000427)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia da información contractual das entidades do sector público autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey (S)**, que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Insua Lema (BNG)**, -o *Ojea Bouzo (M)*, *declina facer uso da mesma*- quen motiva a postura do seu grupo a prol da devandita proposta.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia** o **señor Marnotes Fernández**, quen, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo sobre este tema.

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey (S)**, agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, tras criticar a postura do grupo maioritario.

2.3 4787 (12/PNC-000583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre determinadas normas que debe ter en consideración a Xunta de Galicia á hora de establecer os criterios que rexen as súas convocatorias de axudas e subvencións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6011), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido, concédelle a palabra ao **señor Insua Lema (BNG)**, quen procede á formulación e defensa da iniciativa con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey (S)**, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da iniciativa, explica os motivos da presentación desta emenda e anuncia que, independentemente da súa aceptación, o seu grupo apoiará a devandita proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, quen, despois de deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, anuncia o voto favorable do seu grupo tanto á proposta formulada como á emenda.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Rodríguez Carrera (P)** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- quen, tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polo señor propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Insua Lema (BNG)**, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e agradece o posicionamento favorable dos grupos da oposición a esta proposición non de lei, explica as razóns polas que non considera oportuna a aceptación da emenda.

A señora Rodríguez Carrera incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

2.1 1210 (12/PNC-000129)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 14 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de articular os mecanismos necesarios para mellorar a dotación da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista galego (doc. núm. 5975) e outra de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6032), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias (P)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Incorpórase á sesión o señor Abalde Alonso (S), logo de abandonar a mesma a súa compañeira de grupo, señora Iglesias Rey.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes interveñen a **señora Castro Rey (S)** e o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)**, ambos voceira/o, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifican a presentación das súas respectivas emendas.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante o **señor Ojea Bouzo (M)**, refire as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, o **señor Fidalgo Iglesias (P)**, tras incidir na importancia desta iniciativa e amosar o seu desacordo coas argumentacións expostas polos voceiros emendantes, anuncia que non acepta ningunha das dúas emendas.

2.4 4994 (12/PNC-000599)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que
proceda con carácter inmediato á convocatoria das axudas aos
concellos para a contratación de socorristas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha autoemenda de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5972) e unha emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6030) das que obvia a súa lectura dado que se remitiu copia aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervén a **señora Castro Rey (S)**, para explica o sentido da súa emenda e anunciar o voto favorable do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendante intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda o **señor Prieto Perille (P)**, tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, xustifica o rexeitamento da iniciativa por parte do seu grupo parlamentario.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)**, logo de expoñer diversas consideracións discrepantes sobre a xustificación de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario, dá conta das razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 1210 (12/PNC-000129), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... **10** (GG.PP. P+ M)

Votos en contra: **0**

Abstencións: **7** (G.P. BNG+S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que por parte do Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeneral da Policía, se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, e así incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta unidade poida cumprir coas funcións que actualmente vén prestando.»

2.2 3399 (12/PNC-000427), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **8** (GG.PP. BNG+ S+M)

Votos en contra: **9** (G.P. P)

Abstencións: **0**

2.3 4787 (12/PNC-000583), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **8** (GG.PP. BNG+ S+M)

Votos en contra: **9** (G.P. P)

Abstencións: **0**

2.4 4994 (12/PNC-000599), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:



Votos a favor:..... 8 (GG.PP. BNG+ S+M)

Votos en contra: 9 (G.P. P)

Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:10 horas.

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión

Vº. e pr.
Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta en funcións da Comisión